OS NOMES DAS RÚAS DO PORRIÑO

I E S P I N O M A N S O

Documento elaborado hai uns anos no IES Pino Manso sobre o que se traballou a materia do “proxecto interdisciplinar” da ESO. Neste documento, hoxe ampliado e mellorado, atoparás información sobre a conformación urbana do Porriño, a orixe das principais rúas e o significado dos seus nomes.

A orixe das nosas rúas

A orixe do Porriño como núcleo urbano relaciónase coa súa situación xeográfica nun cruce natural de camiños, polo que unha gran parte das rúas máis antigas derivan das vías de comunicación. Algunhas, como San Sebastián, Cruceiro, Fernández Areal ou Aloques, terían o seu xermolo nos antigos camiños. O desenvolvemento urbano acelerouse no século XIX, conformándose novas rúas a partir da apertura da estrada de Castela. Esta vía de comunicación, tamén chamada de Vigo a Villacastín, foi aprobada en 1883. Na cidade de Vigo transformouse co paso do tempo nas céntricas rúas Príncipe e Urzaiz. O Porriño tamén conforma nese momento as rúas principias , así como as prazas máis antigas, como a Central, Cristo e a do Concello, que se sitúan nas súas beiras. A estrada de Castela entraba dende Sanguiñeda pola rúa Progreso e continuaba polas actuais rúas Peña, Ramón González e Antonio Palacios. No seu paso pola vila debeu adaptarse a outras vías máis antigas como o Camiño Real, tal como testemuñan as antigas edificacións da vila con escudos heráldicos e soportais. A estrada de Pontevedra a Camposancos, que cruzaba a vila de norte a sur, deu orixe as rúas Ramiráns e Manuel Rodríguez. Da zona do paso a nivel partía a estrada que conducía a Gondomar, da que deriva a actual rúa Bos Aires.

Detalle da fonte do Cristo, proxectada por Antonio Palacio Ramilo en 1904



As estradas deron orixe ás principias rúas do Porriño. En vermello a estrada de Madrid. En azul a de Pontevedra a Camposancos. En violeta estrada do Porriño a Gondomar. En verde Travesía do Porriño, ou variantes das estradas de Castela e Camposancos.



A vila do Porriño cara ao final da década de 1920 (Fototipia Thomas, Barcelona).

Na estrada de Castela estaba situada a escola “Fernández Areal”, proxectada por Antonio Palacios en 1904. Tras ser inxustamente derrubada, no seu lugar construíuse o actual parque “Gonzalo Ordóñez”. Como se comproba na foto a zona que ocupa o noso instituto estaba totalmente libre de edificacións nas primeiras décadas do século XX.

Estrada de Castela, hoxe rúa Antonio Palacios, ao fondo a escola “Fernández Areal”.

Rúa San Sebastián

O barrio de San Sebastián, un dos máis antigos da vila do Porriño, conformouse a partir do antigo Camiño Real que conducía a Tui. O nome da rúa procede directamente do barrio.

Soportais do centro do Porriño nunha antiga foto (Revista *Mondariz*)

Rúas Aloques e Cando

Festa no barrio de Aloques. Ca. 1950-1960. AMI. Concello do Porriño.

Entre as rúas máis antigas do Porriño atópanse Aloques e Cando. O nome da primeira deriva do topónimo tradicional do barrio que aludiría a unha zona de lameira ou terreo que retén auga. Segundo a tradición oral neste barrio existían no século XVIII diversos fornos de pan. A rúa Cando debeu conformarse coa apertura da liña do ferrocarril Ourense-Vigo en 1881, xa que corre paralela á vía do tren. O seu nome pode estar relacionado cun topónimo preexistente que indicaría un lugar de abundantes pedras ou cantos. Derivaría da raíz preindoeuropea “cand” que formaba nomes de lugares no que a pedra era un elemento determinante.

A rúa do noso instituto: Antonio Palacios

Antonio Palacios Ramilo. 1874-1945.
Foto Pacheco /AMI. Concello do Porriño.

Esta rúa orixinouse co paso polo Porriño da estrada de Castela ou de Villacastín a Vigo. No ano 1895 recibe o nome de rúa Elduayen, na honra do político José Elduayen e Gorriti. En setembro de 1924 pasou a denominarse Antonio Palacios Ramilo, como recoñecemento á serie de proxectos que este arquitecto realiza gratuitamente para a vila, en especial o da casa consistorial que entrega ao Concello en setembro de 1919. No mes de marzo dese mesmo recibira polo igual motivo o nomeamento de fillo predilecto do Porriño. Hai uns anos déuselle o nome de Antonio Palacios á praza do Concello. Esta afamado arquitecto naceu no Porriño en xaneiro de 1874. Realizou os estudios de bacharelato en Pontevedra e os de arquitectura en Madrid, onde brillantemente obtivo a titulación en 1900. Hoxe é considerado como un dos arquitectos españois máis destacados das primeiras décadas do século XX cunha notable contribución á transformación de Madrid en cidade cosmopolita

Palacio de Comunicacións de Madrid. Proxectado por Antonio Palacios Ramilo e Joaquín Otamendi Manchibarrena en 1904. A construción rematou en 1918.

Palacio de Comunicacións de Madrid. Hoxe sede do Concello de Madrid, Antonio Palacios Ramilo e Joaquín Otamendi Manchibarrena, 1904-1918.

Hospital de Maudes ou de Xornaleiros de Madrid, proxectado por Antonio Palacios en 1908. Rematouse en 1916. Hoxe sede da Consellería de Transportes, Infraestruturas e Vivenda da Comunidade de Madrid.

Antonio Palacios deixou en Madrid emblemáticas obras como o gran edificio de Correos, Banco Español do Río da Prata (hoxe sede do Instituto Cervantes), Hospital de Maudes, Círculo de Belas Artes, Banco Mercantil e Industrial e unha importante serie de edificios comerciais nas rúas máis céntricas. En Vigo proxectou o Teatro García Barbón, o pavillón do mosteiro das Salesas Reais e a antiga Banca Viñas Aranda da esquina das rúas Reconquista e Marqués de Valladares. Outras obras galegas son: a Virxe da Roca, edificios do balneario de Mondariz (agás o Gran Hotel), Pavillón da alameda de Santiago de Compostela, central eléctrica do Tambre (Noia), templos de Panxón e do Carballiño, Salesas Reais de Vigo, chalés de Celso Méndez e Sileno en praia América, etc.

Círculo de Belas Artes. Madrid

Antigo edificio do Banco Español do Río da Prata, Hoxe sede central do Instituto Cervantes. Madrid.
Proxectado por Antonio Palacios Ramilo en 1910. Inaugurouse 1918.

Antigo Banco Mercantil e Industria da rúa Alcalá de Madrid (Antonio Palacios 1933-1945)

Antiga Banca Viñas Aranda na esquina das rúas Marqués de Valladares e Reconquista de Vigo

Antigo teatro “García Barbón”. Hoxe centro cultural Abanca. Proxectado por Antonio Palacios entre 1911 e 1913.



Central Eléctrica do Tambre en Noia, proxectada por Antonio Palacio nos inicios da década de 1920.

Maqueta do monumento da Virxe da Rocha de Baiona, proxectado por A. Palacios en 1909. Simboliza a Virxe como protectora dos homes do mar e a arribada da carabela Pinta a Baiona coa nova do descubrimento de América.

Detalle do monumento da Virxe da Rocha en Baiona. A parte escultórica en mármore foi executada por Ángel García Díaz. O monumento foi promovido por Laureano Salgado e levantado por subscrición popular. Inaugurouse en 1930.



Templo Votivo do Mar. Panxón (Nigrán). Antonio Palacios Ramilo 1932.

Templo Votivo do Mar. Detalle do remate da parte cilíndrica da torre. O templo inaugurouse en 1937.

Templo da Veracruz do Carballiño. Detalle da zona de ábsidas. Antonio Palacios. 1942.

Templo da Veracruz do Carballiño. Detalle do acceso principal coa singular e potente torre.

Edificio do Concello do Porriño.

Situado na praza que leva o seu nome, é a principal obra de A. Palacios no Porriño. Foi proxectado en 1918, se ben as obras comezaron en 1921 baixo dirección do mestre canteiro Manuel Ruibal Solla. A nova casa consistorial inaugurouse en 1924. Este edificio foi un dos primeiros exemplos en Galicia dunha arquitectura de intención rexionalista, que quere emparentar coas tradicións construtivas vernáculas e cos materiais propios do país.

O edificio do IES “Pino Manso” en construción. Foto de Ángel Toucedo, aparellador da obra.

Nesta rúa sitúase o noso instituto. O IES “Pino Manso”, que foi construído por iniciativa privada dun grupo de entusiastas porriñeses, coa xestión dun padroado e as axudas económicas do industrial José Fernández López. A inauguración e apertura do primeiro curso académico levouse a cabo o 24 de outubro de 1966.

O edificio do IES “Pino Manso” trala súa inauguración en outubro de 1996. Proxectado polo arquitecto Ignacio José Bescansa. Foto Pako. O Porriño.

O TRANVÍA E A RÚA ANTONIO PALACIOS. Nesta rúa, ao carón do “IES Pino Manso” estaban situadas as cocheiras do tranvía Mondariz-Vigo, do que só funcionou o tramo entre O Porriño e Vigo. Hai poucos anos pechou o bar situado enfronte que precisamente levaba o nome de “Cocheras”. O tranvía partía da rúa Antonio Palacios, pasaba diante da casa consistorial e seguía pola rúa Ramón González e Ramiranes ata para continuar pola estrada de Redondela e torcer despois cara a Sanguiñeda. No percorrido dezanove quilómetro eran propios da liña e os seis restantes, a partir de Cabral, pertencían a Tranvías Eléctricos de Vigo.



Cocheiras do tranvía Mondariz – Vigo, só funcionou o tramo entre O Porriño e Vigo. Fotos: Arquivo Municipal da Imaxe. Concello do Porriño.

Rúa Antonio Palacios (antiga estrada de Castela) a principios do século XX. Á esquerda a vía do tranvía e o tendido eléctrico. Desaparecidas casas de planta baixa e peches de fincas coas tradicionais “pastas” de granito . Postal: L. Roisín. Arquivo Municipal da Imaxe. Concello do Porriño.

Rúa Tranvía

Apertura da liña do tranvía entre O Porriño e Vigo. 14 de marzo de 1920 (Vida Gallega)

O nome desta rúa recoñece a importancia que tivo o tranvía na vila, xa que supuxo un paso importante na comunicación con Vigo, xa mellorada en 1878 coa apertura do ferrocarril entre a citada cidade e Guillarei. O tranvía formaba parte dun proxecto máis ambicioso que pretendía enlazar o balneario de Mondariz con Vigo. Soamente chegou a funcionar o tramo entre esa cidade e O Porriño. As obras comezaron en 1913 nas variantes de Puxeiros e O Porriño baixo a dirección do contratista Joaquín Peralba González e do enxeñeiro López Corton. A Primeira Guerra Mundial creou dificultades no subministro de materiais e atrasou as obras. O tranvía comezou a funcionar o 14 de marzo de 1920. Quedou no papel a prolongación da liña ata Mondariz, a pesar de que en 1914 se iniciou a perforación do túnel do Confurco. O tranvía permaneceu activo como medio de transporte ata 1967. Nesa data pasara un ano da apertura das portas do noso instituto.

Rúa Enrique Peinador



Sabino Enrique Peinador Vela logrou a finais do XIX transformar o balneario de Mondariz, do que era propietario, nun gran centro termal. Para ese labor contou con reputados técnicos como Jenaro de la Fuente Domínguez que deseñou o Gran Hotel e con Antonio Palacios que trazou o pavillón da Fonte e planta de embotellado, “Varanda”, “Hotel Sanatorio”, etc. Estableceu unha directa relación co Porriño co motivo da promoción do tranvía que pretendía comunicar Mondariz co porto de Vigo, por onde chegarían potenciais clientes do balneario. Do tranvía naceu o actual topónimo que dá nome ao aeroporto de Vigo e a zona no que se empraza. Na inauguración dedicóuselle a Enrique Peinador Vela a estación que no punto máis alto do traxecto acollía á instalación transformadora de enerxía eléctrica. Enrique Peinador falecera en 1917 sen ver concretada a súa iniciativa. O seu fillo Enrique Peinador Lines, impulsou a cultura galega a través do balneario de Mondariz. Continuou o labor de seu pai no balneario contando coa presenza do seu amigo Antonio Palacios.

Arriba: estación de “Peinador” do tranvía Vigo – O Porriño. Ao lado: Enrique Peinador Vela.

Abaixo: Pavillón da fonte do balneario de Mondariz, deseñado por Antonio Palacios

Praza do arquitecto Antonio Palacios

Foto: Agustín Bermejo, c. 1950. AMI. Concello do Porriño.



Alzados do edificio do Concello do Porriño dedicados por Palacios ao filántropo Ramón González Fernández (Xoiería Lorenzo. *Porriño. Recuerdos de un siglo*)

Antiga praza da Constitución (hoxe do arquitecto Antonio Palacios). No centro, a esquerda, antiga casa consistorial. No seu lugar levantouse o novo edificio proxectado por Palacios. Nese punto separábanse as estradas de Castela e de Pontevedra (Xoiería Lorenzo. *Porriño Recuerdos de un siglo*).

Tramo da rúa Ramón González e antiga praza da Constitución, hoxe do arquitecto Antonio Palacios. Tarxeta Postal. Fototipia Thomas (Barcelona) 1928-1929. AMI. Concello do Porriño.

Rúa Ramón González



Ramón González Fernández (1856 – 1925). Foto: Xoiería Lorenzo. *Porriño Recuerdos de un siglo*.

Rúa Ramón González a principios do século XX. Tarxeta postal. L. Roisín. AMI. Concello do Porriño.

As orixes desta rúa relacionase co paso da estrada de Castela polo centro da vila. Anteriormente recibira o nome de rúa Real e despois o de Gabino Bugallal. En 1920 o Concello acordou darlle o nome de Ramón González pola gran xenerosidade que este filántropo tivera coa vila. Pola mesma causa en 1915 xa o nomeara fillo adoptivo do Porriño. Ramón González Fernández, nacido en 1856 en Ribadeo, era un indiano que lograra facer fortuna na emigración en Rosario de Santa Fe (Arxentina) e se establecera no Porriño ao contraer matrimonio con Corona González Santos. En xullo de 1921 asume todos os gastos da execución do proxecto de Antonio Palacios de nova casa consistorial, ante a imposibilidade económica do Concello de levalo a cabo. A súa xenerosidade estendeuse a Ribadeo, onde merca un teatro, constrúe un praza de abastos e financia un edificio para as sociedades obreiras. Pola iniciativa dos concellos do Porriño, Mos e Ribadeo recibiu en 1923 a Gran Cruz da Beneficencia. Faleceu o 15 de decembro de 1925, pouco tempo despois de ser inaugurada a nova casa consistorial.

Rúa Ramón González cara finais da década de 1920. A rúa está nese momento pavimentada con lastros (*adoquín*). O tráfico cara a Madrid e Portugal pasaba por este punto, separándose diante da casa do Concello. Tarxeta Postal. Fototipia Thomas (Barcelona).

Rúa Ramón González. No centro a desaparecida casa con soportal e paredes encaladas. Perdeuse un notable exemplo da tradicional arquitectura de soportal que caracterizaba o centro da vila . C. 1960. Tarxeta Postal. 1960-1970 Campaña, A.- Puig Ferrán./ AMI Concello do Porriño.

Rúa Ramón González cara ao ano 1960. Esta parte da rúa perdeu algúns inmobles importantes, como o edificio Villasuso (terceiro pola dereita). Un exemplo da arquitectura ecléctica executada con boa cantería de granito. Tarxeta postal. / J. M. Zaragoza – Ed. París. AMI. Concello do Porriño.

Rúa Ramón González na actualidade.

Rúa Manuel Rodríguez

Rúa Manuel Rodríguez. Tarxeta postal: L. Roisin. AMI. Concello do O Porriño.

Arquivo Municipal da Imaxe. O Porriño.

Manuel Rodríguez Rodríguez naceu na parroquia de Chenlo, Como outros moitos galegos tivo necesidade de emigrar. Instalouse en Guayaquil (Ecuador), onde casou con Anxelina Bonín, que pertencía a unha familia de orixe italiano dedicada ao comercio. Cara ao ano 1894 o matrimonio regresou ao Porriño, onde construíron a fermosa residencia “Villa Angelita”, que se conserva sen alteracións na rúa Manuel Rodríguez co nome de “Villa Florida”. Dende o seu regreso Manuel Rodríguez desempeñou o cargo de cónsul de Ecuador en Vigo. Xunto con outros filántropos, a familia Rodríguez Bonín sufragou a reedificación da igrexa parroquial entre os anos 1908 e 1913. Por estas desinteresada achega económicas de Manuel Rodríguez, a corporación municipal acorda en outubro de 1912 darlle o seu nome a esta rúa. En novembro dese mesmo ano falecía.

“Villa Angelita” (hoxe “Villa Florida”). Foi construída a finais do XIX pola familia Rodríguez-Bonín

Na arquitectura desta rúa destaca “Villa Florida”, unha elegante casa de estilo ecléctico de inspiración francesa, que probablemente proxectou o afamado Jenaro de la Fuente Domínguez, técnico que trazou outros proxectos para esta familia, como o suntuoso edificio Bonín do ángulo das rúas Oporto e Areal de Vigo, unha das xoias do ensanche desta cidade.

Edificio Bonín do ángulo das rúas O Porto e Areal de Vigo. Foi construído por Manuel Rodríguez e Angelina Bonín.

Igrexa parroquial do Porriño. De estilo neogótico, foi proxectada a principios do século XX por Manuel Felipe Quintana Ochaita., que pouco tempo antes deseñara co mesmo estilo a igrexa de Santiago de Vigo.

Antiga igrexa parroquial do Porriño, sobre a que se levantou a actual. Ca. 1900 (Xoiería Lorenzo. *Porriño, recuerdos de un siglo*).

Mausoleo da familia Rodríguez Bonín no cemiterio do Porriño.

Rúa Domingo Bueno

O xeneral Primo de Rivera e o cóengo o Domingo Bueno no Porriño na inauguración do matadoiro (*Mundo Gráfico,* 1928).

A orixe da rúa Domingo Bueno relacionase coa construción do edificio da antiga escola graduada que na actualidade alberga a Casa da Cultura. No ano 1925 as autoridades municipais contratan un crédito para construír escolas unitarias de nenos e nenas nas parroquias e un edificio para escola graduada na vila. Esta edificación situaríase nunha nova rúa, coa que tamén se pretendía facilitar o crecemento urbano da vila. No ano 1926 está redactado o proxecto do primeiro tramo entre a estrada de Castela e a rúa Fernández Areal. As obras de apertura deberon rematar cara ao ano 1929. A travesía foi coñecida popularmente o nome de “Rúa Nova” e oficialmente co do xeneral Martínez Anido. En 1931, no inicio do período republicano, recibiu o nome do líder socialista Pablo Iglesias. Posteriormente pasou a denominarse Domingo Bueno, na honra deste cóengo da catedral de Tui, que tivera un papel destacado nas xestións realizadas en Madrid para a aprobación do proxecto dos Matadoiros Rurais de Galicia, dos que só se construíu o do Porriño. Foi inaugurado o 3 de abril de 1928 polo xeneral Primo de Rivera. Domingo Bueno Arenas naceu en Asturias e faleceu en Madrid en febreiro de 1929, pouco tempo despois da inauguración do matadoiro. Foi soterrado no cemiterio municipal do Porriño.

Rúa Nova (Hoxe Domingo Bueno) cara ao ano 1929. Tarxeta postal: L. Roisin.

O elemento máis destacado desta rúa é o edificio da Casa da Cultura, que en 1926 deseñara como escola graduada o arquitecto Antonio López Hernández. Nesta rúa tamén se sitúa o edifico do Círculo Recreativo e Cultural que, proxectado polo arquitecto Melida Bosch, foi inaugurado o 29 de agosto de 1964. Na posguerra esta rúa foi prolongada ata a antiga estrada de Redondela co fin de aliviar o tráfico do centro

Travesía do Matadoiro

Tarxeta postal. Fototipia Thomas (Barcelona).

Esta rúa ten a súa orixe na vía de enlace do citado matadoiro coa estrada de Gondomar, que neses anos tamén se transformaba na rúa Bos Aires. estrada que enlazaba a rúa Buenos Aires. As instalación do matadoiro de MARUCOGA (Matadoiros Rurais Cooperativos de Galicia) foron proxectadas polo arquitecto Luis Bellido..

Tarxeta postal. Fototipia Thomas (Barcelona).

Rúa José Fernández López

José Fernández López.

Esta rúa, que arranca da Casa da Cultura e do Círculo Recreativo e Cultural recibe o 23 de setembro de 2004 o nome de José Fernández López nun acordo que toma o Concello por iniciativa do Círculo Recreativo. Este empresario lucense potenciou a vida económica do Porriño coa creación de Zeltia, Industrias Frigoríficas do Louro, Industrias Pecuarias Gallegas, Sial, Industrias Forestais Gallegas, Granxa do Louro, etc. A inquietude empresarial de José Fernández López levouno a crear con outros membros da súa familia na creación de outras importantes industrias, como Pescanova.

Xoiería Lorenzo. *Porriño, recuerdos de un siglo.*

Primeiras Instalacións no Porriño da empresa Zeltia S.A.

Círculo Recreativo e cultural do Porriño.

En maio de 1949 arrendou o matadoiro do Porriño, que poucos anos despois transformou en Industrias Frigoríficas del Louro e posteriormente en Frigolouro. José Fernández facilitou axudas económicas para a compra do solar do Círculo Recreativo Cultural e avales para a construción do seu edifico social. Tamén estou apoio económico para construír o IES “Pino Manso” e adquirir os solar onde está o instituto e o colexio que leva o seu nome. O 17 de agosto de 1973 O Concello nomeouno “fillo adoptivo do Porriño”.

Febreiro de 1968. Visita oficial ao Instituto. Nas imaxes a directora do centro María del Carmen Pintos Vieites,O gobernador civil, o empresario José Fernández López e o alcalde Gonzalo Ordóñez .

Praciña do Cristo

Recibe o nome dun antigo cruceiro do ano 1622 que agora se atopa no parque do Cristo. O elemento máis destacado da praza é a Fonte do Cristo proxectada por Antonio Palacios en 1904 e inaugurada o 4 de xuño de 1905. O seu deseño inspírase nas tradicionais fontes barrocas galegas. Destacan as pezas de cerámica realizadas por Daniel Zuloaga, tío do pintor do mesmo apelido. As obras de cantería correron a cargo de Sabino Torres e a escultura do paxe encargóuselle ao mestre canteiro Cerviño. A fonte, primeira obra de A.Palacios executada en Galicia, resume algunhas características da súa creación, como a integración de materiais e o desexo de converterse en emblema urbano

Tarxeta postal: L. Roisin.

Foto Cobián
AMI (OPorriño.)

Parque do Cristo

Os terreos deste espazo foron mercados cara ao ano 1897 por Servando Ramilo Nieves coa intención de crear un parque e construír unha capela con advocación ao Cristo da Agonía en memoria da súa dona Prudencia Diz Fortes. A capela, dun ecléctico estilo neogótico, abriuse ao culto o 17 de setembro de 1899. Outro elemento destacado é o cruceiro do ano 1622. Co fin de acondicionar este espazo para o goce dos veciños, Servando Ramilo plantou árbores, puxo bancos e pechou o terreo. Mandou tamén construír un palco da música, que se inaugurou no ano 1903. A principios do século o parque era un espazo importante na vida dos porriñeses. Era o lugar do paseo, da conversa, das festas, dos concertos e tamén un lugar para lucirse, presumir... O parque foi doado por Servando Ramilo Nieves ao pobo do Porriño no ano 1909, agás a capela e unha franxa de terreo de dous metros no seu perímetro

Rúa Servando Ramilo Nieves

O filántropo Servando Ramilo Nieves fixo doazón ao pobo do Porriño do actual parque do Cristo e pagou do seu peto a construción da citada do Cristo. Nesta rúa está situada a “Botica Nova”, unha destacada edificación, proxectada cara ao ano 1909 por Antonio Palacios para o seu irmán José, farmacéutico da vila. No seu momento foron famosos os faladoiros da rebotica, nos que participou o poeta Ramón Cabanillas, veciño do Porriño durante un tempo tras ser nomeado en 1917 secretario do Concello de Mos. Pola rebotica pasaron tamén o pintor Antón Medal, Valentín Paz Andrade, o xornalista Jaime Solá, os médicos Álvarez Limeses e Paz Varela, Enrique Peinador Lines, etc.

Botica Nova. Proxectada por Antonio Palacios cara ao ano 1909

Praza Central

Praza Central cara ao ano 1960. Tarxeta postal. Ediciones París - J. M. Zaragoza. AMI. Concello do Porriño.

Esta praza confórmase co cruce das estradas que entraban na vila. Nese punto coincidía a estrada de Castela e a de Pontevedra a Camposancos, na Guarda. A principios do século XX chamouse praza de Isidoro Bugallal. A primeira construción destacada da posguerra foi o antigo edificio da Caixa de Aforros de Vigo, proxectado polo arquitecto vigués Antonio Cominges Tapias en estilo rexionalista con concisas decoracións neobarrocas. As oficinas desta entidade no novo edificio foron inauguradas o 15 de agosto de 1949.

Praza Central. Fototipia Thomas (Barcelona) AMI. (O Porriño).

Rúa Progreso

A orixe desta rúa relaciónase coa estrada de Castela ou de Vigo a Villacastín que entraba no Porriño polo paso a nivel. Ata a apertura da Avenida de Galicia soportaba todo o trafico en dirección a Madrid. Como noutras localidades o seu nome hai que poñelo en relación co progreso que podía chegar coas novas estradas e coa liña do ferrocarril, que neste caso ten a estación ao seu carón. Na rúa destaca “Villa Anastasia” (imaxe superior), fermosa vivenda de estilo ecléctico con certos trazos pintorescos que posiblemente proxectou Jenaro de la Fuente Domínguez nos inicios do XX. Tamén se conserva un inmoble (imaxes inferiores) que dentro do seu carácter ecléctico amosa certos detalles modernistas, en especial nos balcóns da segunda planta.

Rúa Peña


Arquivo Municipal da Imaxe. Concello do Porriño.

Posiblemente o seu nome se relacione con Bartolomé Peña Otegui, contratista de obras porriñés que traballou nas obras da liña do ferrocarril de Ourense a Vigo. En 1875 encargábase das obras de asentamento da vía dende a estación de Vigo. Tamén se encargou da finalización da obra do túnel dos Valos, tras producirse en 1876 o seu derrube parcial na boca sur en dirección a Porriño

Rúa Bos Aires

Fototipia Thomas (Barcelona) . AMI. Concello do Porriño.

Deriva da estrada que conducía a Gondomar. Déuselle o nome de Bos Aires tras unha petición dos emigrantes nesa cidade, que en setembro de 1921, a través da “Sociedad de Fomento de Porriño y su Distrito” solicitan que o Concello lle poña un nome relacionado coa Arxentina a unha rúa da vila, dada a xenerosa acollida que recibiran neste país. O 26 de novembro de 1922 levouse a cabo o acto de colocación das placas co nome de Bos Aires, doadas por la citada sociedade

Rúa José Fernández Areal

Desaparecida escola fundación “Fernández Areal”, proxectada por Antonio Palacio sen 1904 Fototipia Thomas (Barcelona). AMI. Concello do Porriño.

A rúa recibe o nome de José Fernández Areal, porriñés emigrado en Valparaiso (Chile) que no seu testamento deixou unha cantidade de cartos para crear unha escola no Porriño con todos os seus servizos. O proxecto foi trazado por Antonio Palacios en 1904. As obras estaban rematadas en 1906. No corpo torreado e nas claves dos arcos das ventás da aula principal situábanse detalles cerámicos, executados no taller de Daniel Zuloaga, seguindo bosquexos de Palacios. A escola “Fernández Areal” foi modélica nos seus primeiros anos de funcionamento. Pechou cara ao ano 1932, comezando a deteriorarse. A pesar dos intentos dalgúns porriñeses, o fermoso edificio escolar foi derrubado absurdamente na década de 1960. A escola situábase na rúa Antonio Palacios, no espazo que hoxe ocupa o parque Gonzalo Ordóñez.

Paseo de Enrique Rodríguez

L. Roisin. AMI. Concello do Porriño.

Enrique Rodríguez, natural de Chenlo, ao igual que o seu irmán Manuel Rodríguez, emigrou a Guayaquil (Ecuador), onde logrou facer fortuna. Como outros membros da súa familia axudou a custear as obras da capela de San Bieito, unha das edificacións máis singulares deste espazo que se constrúe cara ao ano 1890. Esta familia tamén asumiu os gastos de ampliación e remodelación da capela que se levan a cabo no ano 1908. Enrique Rodríguez pagou do seu peto a construción en 1908 do fermoso palco da música desta paseo que deseñara Isidro Palacios García e Teruel, pai do afamado arquitecto Antonio Palacios Ramilo

Fototipia Thomas (Barcelona). AMI. Concello do Porriño

Capela de San Bieito

Rúa Estación

O seu nome deriva da necesidade de comunicar o cruce de estradas da praza Central coa estación da liña do ferrocarril Ourense-Vigo que se abre á explotación en 1881. O edificio máis destacado é a propia estación, unha das poucas que se conservan desta liña. O enxeñeiro Francisco Javier Boguerín, autor do proxecto desta liña ferroviaria, clasificou a estación do Porriño de terceira clase, xunto as de Ribadavia, Tui e Redondela. A de Ourense de segunda e a de Vigo de primeira clase. En 1881, como primeira estación do Porriño debeu funcionar unha construción provisional de madeira. As obras do edificio actual comezaron en marzo de 1889 e remataron en xaneiro de 1890, data na que entrou en servizo

Chegada dun tren de vapor ao Porriño a principios do século XX. Foto Díez e Rodríguez (Redondela). AMI. Concello do Porriño.

Estación do Porriño antes de levarse a cabo o peche de “pastas”. Finais do XIX – inicios do XX Xoiería Lorenzo. *Porriño, recuerdos de un*

Rúa do Mercado

Foto Magno. AMI. O Porriño.

A orixe da rúa relacionase directamente coa apertura do primeiro mercado ou praza de abastos no Porriño o 31 de decembro de 1917. Anteriormente o mercado celebrábase nas prazas da vila, en especial na do Cristo e na do Concello. Nun primeiro momento a nova rúa chamouse Fernández Barrón, que era un político conservador emparentado coa familia Bugallal de Ponteareas. Hoxe, nesta pequena rúa destaca a presenza da singular Praza de Abastos, proxectada en 1970 polo prestixioso arquitecto vigués Xosé Bar Bóo. As obras remataron en 1974.

Antiga praza de abastos e rúa do Mercado. Foto Magno. AMI (O Porriño.)

Nova praza de abastos, proxectada por Xosé Bar Bóo

Rúa Ramiranes

Esta rúa deriva da antiga estrada de Pontevedra a Camposancos. Recibe o nome actual de Ramiranes do pazo que se situaba nunha das súas beiras. Esta antiga edificación era empregada pola familia do conde de Ramiranes, título que no ano 1875 concede Alfonso XII a José Varela Cadaval. O pazo era unha magnífica construción barroca que desgraciadamente foi derrubado na década de 1960. Coa desaparición do pazo, perdeuse tamén unha importante zona arborizada no centro do Porriño con especies centenarias.

Desaparecido pazo barroco de Ramiranes que dá nome a esta rúa. O Porriño perdeu un fermoso exemplar desta tipoloxía histórica galega e o amplo espazo arborizado dos seus xardíns. AMI (O Porriño).

Rúa do Parque Infantil

Esta rúa e o parque contiguo sitúanse en parte do espazo que antigamente ocupou o Campo da Feira, un gran parque arborizado que comezou a degradarse a mediados do século XX ao ser atravesado nun dos seus lados pola prolongación da rúa Domingo Bueno. No parque foi emprazado o pavillón da Rede de San Luis do Metro de Madrid, que proxectara Antonio Palacios en 1919. Foi trasladado en 1971. No traslado perdeu a parte complementaria de ferro e cristal, polo que o contemplamos incompleto

Pavillón do Metro da estación da Gran Vía de Madrid no seu emprazamento primitivo. AMI. Concello do Porriño.

Pavillón do Metro de Madrid instalado no Porriño.

Avenida de Galicia

A actual Avenida de Galicia ábrese para solucionar os graves problemas que provocaba no centro do Porriño o paso de todo o tráfico da estradas de Madrid e Pontevedra a Camposancos, agravado coas retencións que provocaba o paso a nivel. A nova rúa, coñecida no seu tempo como “Travesía do Porriño”, enlazaba a estrada de Castela (hoxe Antonio Palacios) co barrio das Angustias para despois continuar cara a Sanguiñeda. Foi necesario facer obras de recheo nas Angustias e construír unha ponte para salvar a liña do ferrocarril. A actual avenida de Galicia foi inaugurada o 14 de febreiro de 1954, polo Ministro de Obras Públicas, conde de Vallellano.

Arquivo Municipal da Imaxe. Concello do Porriño.

Xoiería Lorenzo. *Porriño, recuerdos de un siglo.*

Avenida de Galicia, antiga “Travesía do Porriño en diversas etapas a través do tempo.

Rúa Pio XII

Arquivo Municipal da Imaxe. Concello do Porriño

Esta rúa foi proxectada polo arquitecto vigués Arturo Fraga Framil en xullo de 1955 e aprobada pola corporación que presidía Ceferino Míguez Otero o 30 de setembro de 1955 . Coa súa apertura trasladouse a “Fonte dos Tres Canos” que anteriormente se situaba no lado contrario ao actual, pero coa súa fronte mirando á rúa Ramón González. A fonte, construída cara ao ano 1830, exhibe un escudo de España da época de Fernando VII. No clima de relixiosidade da posguerra, esta rúa, inaugurada en 195, recibiu o nome de Pío XII.

Arquivo Municipal da Imaxe. Concello do Porriño.

Inauguración da rúa Pío XII no ano 1957. Na foto da esquerda aparece ao fondo a fonte dos “Tres Canos” no seu emprazamento anterior. Na imaxe da dereita a fonte no lugar que ocupa hoxe.

Rúa Avelino Villasuso

Avelino Villasuso Pazo foi un emigrado porriñés en Arxentina. Despois de alcanzar unha sólida posición económica con actividades comerciais en Bos Aires regresou ao Porriño onde falece en 1905. Deixou no seu testamento unha importante partida de cartos para a construción dun asilo para vinte anciáns pobre do Porriño que debía levar o nome de Nosa Señora do Carme. Construiríase na Rúa Real (hoxe Ramón González) nun solar propiedade do filántropo. O proxecto non prosperou.

Rúa Leandro Diz

Leandro Diz. Caricatura de Antonio Fernández Valverde. 1974.



Portada orixinal do libro “Recuerdos Porriñeses” de Leandro Diz.

Esta rúa, continuación da de Cando, transcorre tamén no seu primeiro tramo paralela á vía do ferrocarril. Leandro Díz Rey (O Porriño 1896-1971), traballou como funcionario do Concello e foi cronista oficial do Porriño. En 1956 publicou o libro “Recuerdos Porriñeses” que recolle aspectos da historia da vila, relatos da vida cotiá, anécdotas, descrición de lugares, biografía de personaxes, etc.

Rúa Xogo da Ola

Participantes no xogo da ola nas festas do Entroido. Ca. 1950-1960. AMI. Concello do Porriño.

Hai anos chamábase rúa Riveiro. Púxoselle o nome de Xogo da Ola porque nela celébrase no Entroido ese xogo que consiste en pasarse olas de barro polo aire. Ao que se lle rompe perde e ten que pagar. Un grupo de afeccionados ao fútbol idearon este xogo e comezaron a practicalo no luns de Entroido na década de 1950.

Rúas Pinar, Salgueira e Codesal

Vista do Porriño. Tarxeta postal: Roisin. AMI. Concello do Porriño

As rúas Pinar e Salgueira teñen un nome derivado dun topónimo que alude á presenza de pinos e salgueiros. Cun topónimo tamén se relaciona a rúa Codesal que adopta un nome ligado a un lugar a un lugar onde abundan os codesos, un arbusto semellante á xesta..

Rúa Cruceiro

O nome deriva da presenza dun cruceiro situado no seu arranque, na confluencia coa rúa Fernández Areal. Coñecido popularmente como “Cristo dos Cachos”, o cruceiro foi levantado sobre un pedestal cúbico coas arestas redondeadas. O varal, de sección octogonal, culmina nun capitel xeométrico de catro caras que sostén un Cristo crucificado na parte dianteira e unha Piedade na posterior. Esta iconografía que representa a Virxe con Xesucristo no seu regazo tras descender da cruz foi empregada en moitos cruceiros. Leandro Diz, no seu libro *Recuerdos Porriñeses*, indica que o “Cristo dos Cachos” foi levantado polos veciños en 1810, se ben non achega referencia documental que o certifique. Este cruceiro presenta a singularidade de estar cuberto por un baldaquino soportado por unha estrutura metálica de fundición. Sitúase nun pequeno espazo urbano dotado de árbores e bancos, que se delimita cun sinxelo enreixado de ferro. Nel, cada primeiro domingo de maio, celebrábase a festa do “Cristo do Cachos” na que se consumían gran cantidade de “cachos” de centolas..

Rúa Manuel Paz Varela

Manuel Paz Varela fixo estudios de maxisterio, para despois iniciar a carreira de medicina na que se licenza en 1899. En Madrid obtivo en 1904 unha praza de médico da Armada que tivo que deixar tres anos despois a causa dunha enfermidade. Nomeado médico titular do Concello de Mos, desenvolveu ao longo da súa vida un intenso e xeneroso labor en todo o val o val da Louriña. Destacouse tamén nunha intensa actividade cultural, en especial en aspectos ligados á literatura. Escribiu artigos para os xornais *El Lince* (O Porriño), *La Integridad* (Tui). *El Ancora* (Pontevedra), *El Pueblo Gallego*, etc. Nun artigo publicado neste último diario propuxo denominar á vila do Porriño co nome de Louranval. Levou tamén a cabo unha serie de estudios sobre a obra de Eça de Queirós que foron publicados en medios nacionais e internacionais. No Ateneo de Vigo estaba integrado na sección de literatura e no ano 1921 pronunciou unha serie de conferencias nesta sociedade sobre a estética da creación do citado escritor portugués. Nesta sociedade viguesa tamén foi bibliotecario e no ano 1930 foi elixido vicepresidente segundo. Co pseudónimo Xan d’Outerio escribiu o libro *La Comedia Lusitana* (apuntes para una Historia de la Revolución Portuguesa), editado en Tui en 1914. Faleceu en decembro de 1938. Deixou unha importante biblioteca, xa que era un recoñecido bibliófilo.


XAN D' OUTEIRO

DE LA COMEDIA

LUSITANA.

Apuntes para una Historia de la Revolución Portuguesa

TUY
TIPOGRAFÍA REGIONAL
1911

Arriba: caricatura de Manuel Paz Varela realizada polo pintor galego Carlos Maside. Publicada no xornal *El Pueblo Gallego* (27-IX 1964, páx. 17).

Abaixo: portada do libro *La Comedia Lusitana*. Retrato de Manuel Paz Varela.

Rúa Nicanor Ocampo

Esta travesía enlaza a rúa Ramiranes coa avenida de Galicia recibe o nome de Nicanor Ocampo Otero, veterinario redondelá que chega ao Porriño cara ao ano 1944 para desempeñar a súa profesión en empresas ligadas ao industrial lucense José Fernández López. Durante moitos anos encargouse da dirección da “Granxa do Louro”. Pola súa implicación social e política sufrira a represión ao ser acusado de pertencer a unha organización socialista que axudaba ás familias dos republicanos represaliados ou falecidos na Guerra Civil. No Porriño Niacanor Ocampo tivo un papel moi destacado na construción da sede social do Círculo Recreativo e Cultural do Porriño. Iniciativa privada e pioneira, que se adiantou en anos á presenza das casas de cultura, habituais hoxe en moitos concellos galegos. O edificio, proxectado polo arquitecto Mélida Bosch, foi inaugurado o 29 de agosto de 1964, un par de anos antes de finalizar a construción do actual IES “Pino Manso”. Os socios e membros da xunta directiva recoñeceron en xullo dese mesmo a contribución de Nicanor Ocampo e por unanimidade o nomearon “socio de honra”. Nese momento era vicepresidente desta institución, da que asumirá a presidencia pouco tempo despois.

Desaparecida vivenda de Nicanor Ocampo.



Nicanor Ocampo Otero

Nicanor Ocampo Otero foi tamén peza clave no proceso de creación e construción do edificio do “Instituto de Enseñanza Media” (Hoxe “Pino Manso”). Foi membro do “Patronato de Cultura y Beneficencia” e despois da fundación do mesmo nome. No seo desa fundación formou parte dunha comisión permanente elixida para axilizar as obras e negociar co Ministerio de Educación. Nela estaban integrados o alcalde Gonzalo Ordóñez, José Ruiz e Alejandro Fernández Sío.

Afeccionado ao fútbol, Nicanor Ocampo foi máis dunha ducia de anos presidente do Zeltia, equipo que gozou de certa notoriedade na súa época. Co pseudónimo “Motocampo” escribiu diversos artigos na prensa relacionados con temas agrarios e gandeiro. Por algúns deles publicados en *Faro de Vigo*, recibiu en 1963 o premio xornalístico “Ramón Morente”.

Solemne acto académico de apertura do curso 1967-68 celebrado no salón do Círculo Recreativo Cultural.

As relacións entre o Círculo e o Instituto foron intensas nos primeiros anos de funcionamento das dúas entidades. O día da festividade de “Santo Tomás de Aquino”, nas pistas do Círculo realizábanse as exhibicións de ximnasia e algunhas competicións deportivas. En outubro de 1967 a apertura do curso levouse a cabo no salón do Círculo que noutras ocasións acolleu a conferenciantes invitados polo instituto ou ao propio alumnado con actuacións musicais e representacións teatrais.

Exhibición nas pistas do Círculo dunha táboa de ximnasia no día da festividade de Santo Tomás de Aquino

Rúa Irmáns Pérez Leirós

Este vial, que enlaza a avenida de Antonio Palacios coa rúa Tarela, recibe o nome de irmáns Pérez Leirós, empresarios moi dinámicos que crearon un importante grupo industrial, con actividades que se estenderon máis alá do Concello do Porriño. Na rúa Manuel Rodríguez tiveron aberta unha afamada ferraxería, que ocupou o baixo dun edificio de fachadas de granito rematado cara ao ano 1955.

Con xenerosidade a familia Pérez Leirós permitiu que en xullo de 1956 o Círculo Recreativo e Cultural, que acababa de constituírse, ocupara a primeira planta e a terraza deste edificio. A nova sociedade abriu oficialmente as súas portas o 8 de xullo de 1956, cun notable éxito na incorporación de socios. Neste inmoble permaneceu ata agosto de 1964, data na que, como se comentou, se inaugura a actual sede social da rúa Domingo Bueno.

Edificio da rúa Manuel Rodríguez no que estivo emprazada durante moitos anos a ferraxería. “Pérez Leirós”.

Outras rúas

Certas rúas manteñen na súa denominación o antigo topónimo da zona ou o nome popular dos camiños sobre os que se abriron. A denominada Sequeiras relacionase cun topónimo que alude a un terreo elevado e seco válido para secar produtos agrícolas. Tamén se pode referir a unha pequena construción adxectiva na que se levaba a cabo o secado. Currás indicaría un lugar de currais ou de construcións circulares para o gando. Aviseiro sería un terreo sombrío e húmido. Granxa de Malladoura vincularíase a un espazo onde se levaban a cabo as labores de malla dos cereais. Outras rúas conservan o nome tradicional do lugar onde se abriron como sucede coas denominadas Recando, Navuxil e Tarela. En casos puntuais o nome alude a algún elemento singular da arquitectura popular, como é caso de Fontevella ou Pontenova.

AGRADECEMENTOS.

A Carlos Lorenzo e familia, que editaron o libro *Porriño (1895-1995) Recuerdos de un Siglo*, do que se tomaron algunhas interesantes imaxes. Outras proceden do Arquivo Municipal da Imaxe, hoxe fóra se servizo. No seu momento foi moi valiosa a colaboración da súa técnica Fátima Rodríguez.